

SETEMBRO, CUSTA MENOS NO PONTIÑAS

1. O presente sorteo é organizado por COMUNIDAD DE PROPIETARIOS DE PONTIÑAS CENTRO COMERCIAL Y DE OCIO GADIS con CIF H-36481513 e domicilio social en Rúa Carballeira da Botica, 5 – 36500 Lalín, Pontevedra.

2. O sorteo non será presencial. Farase a través dun directo en redes sociais do centro comercial. Nos seguintes días ao sorteo publicarase nos medios de prensa e nos distintos canles de promoción do centro comercial.

3. As papeletas gañadoras serán extraídas da urna o día 1 de outubro, mediante unha man inocente. Extraeránse tantas rifas como fagan falta e o centro, unha vez cofecidos os gañadores, contactará con os agraciados para que poidan recoller os vales, previa comprobación dos seus respectivos boletos.

4. Pode participar na promoción calquera persoa física, maior de idade que conseguira un boleto de participación en calquera dos establecementos participantes do Centro Comercial, mediante un consumo de 20.-€ por rifa.

5. A promoción comezará o luns 7 de setembro de 2020, e rematará o mércores, 30 de setembro de 2020.

6. Os premios consisten en cheques agasallo para gastar nos establecementos do Centro Comercial:

1 cheque agasallo de 1.000 €

2 cheques agasallo de 500 €

5 cheques agasallo de 200 €

7. Os gañadores terán ata o 19 de outubro de 2020, para gastar o premio nun mínimo de tres establecementos do Centro Comercial.

9. Así mesmo, os agraciados da rifa, terá que presentar como norma obrigada o resguardo do boleto, non sendo válidas nin fotocopias nin calquera outro documento ou acto encamiñado a demostrar a posesión do mesmo, que foi entregado cando realizou a compra para conseguir a rifa.

10. Non serán válidos os boletos rotos, enmendados, incompletos ou defectuosos, a decisión imparcial e obrigatoria da organización.

11. Se pasados todos os prazos dados, e non se recollera o premio, este pasará automaticamente a ser posesión da organización, quen poderá utilizalo en futuras promocións.

12. En ningún caso, o premio poderá ser canxeado polo seu importe en efectivo.

13. A organización resérvase o dereito a utilizar o nome e imaxe do/a gañador/a, meramente no ámbito relacionado coa rifa, sen que por elo, se poidan emprender accións legais contra elo.

14. A participación na presente promoción, supón a aceptación incondicional e íntegra das presentes Bases.